

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****CONSELLERÍA DE INDUSTRIA  
E COMERCIO**

*Decreto 171/2002, do 25 de abril, polo que se modifica o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.*

O artigo 25 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, en relación co disposto no artigo 10, letras b) e d), da mesma lei, esixe, para o exercicio da venda ambulante, que os interesados estean en posesión da licenza fiscal e teñan cumpridas as súas obrigas, se é o caso, en materia de seguridade social para o inicio da actividade.

En desenvolvemento do disposto no capítulo VI da devandita lei, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, que no seu artigo 10.2º, apartado b), esixe, para o exercicio da venda ambulante, estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ó corrente no pagamento das cotizacións en tal réxime.

E dado que a expresión contida no artigo 10 d) da tan repetida lei refírese á circunstancia de estar afiliado e en situación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, resulta conveniente modifica-los artigos 6 c) e 10.2º b) do referido decreto no sentido de limita-la esixencia este aspecto concreto, máxime se temos en conta que o control do cumprimento das obrigas de pagamento das cotizacións xa é realizado polos órganos e polos procedementos establecidos na lexislación de Seguridade Social e de infraccións e sancións na orde social.

Por outra banda, resulta necesario prorroga-lo prazo de tres meses establecido na disposición transitoria do dito decreto para que os que exerzan o comercio ambulante sen estaren inscritos no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia ó tempo de publicarse aquel e que reúnan os requisitos esixidos para o efecto soliciten a inscrición no dito rexistro, facilitándolles así a súa adaptación á nova regulación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecinco de abril de dous mil dous,

*DISPOÑO:*

**Artigo 1º**

A letra c) do artigo 6 do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante, queda redactado nos seguintes termos:

«c) Certificación da alta do solicitante no réxime correspondente da Seguridade Social.».

**Artigo 2º**

A letra b) do artigo 10, apartado 2º, do devandito decreto queda redactado como segue:

«b) Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.».

*Disposición adicional*

O modelo de solicitude de inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia é o que figura como anexo I deste decreto.

*Disposición transitoria*

O prazo establecido na disposición transitoria do Decreto 194/2001, do 26 de xullo, queda prorrogado durante os tres meses seguintes á entrada en vigor deste decreto.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase o conselleiro de Industria e Comercio para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido neste decreto.

Santiago de Compostela, vintecinco de abril de dous mil dous.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Juan Rodríguez Yuste  
Conselleiro de Industria e Comercio

## ANEXO I



## CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO <b>INSCRICIÓN NO REXISTRO DE COMERCIANTES AMBULANTES</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN207A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

NOME			
ENDEREZO			
LOCALIDADE E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

## E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
CARGO		

## EXPÓN

Que considerando reuni-los requisitos que se precisan, expresados nesta solicitude, e documentos que se xuntan, e con plena aceptación de tódolos termos expresados no decreto regulador, solicita a inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes na seguinte modalidade de venda: venda ambulante en mercados fixos, en mercados periódicos, en mercados ocasionais, en postos instalados en vía pública, e/ou mediante camións ou vehículos tenda (rísquese o que non proceda).

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE DA PERSOA INTERESADA NA INSCRICIÓN. SE O SOLICITANTE FORA ESTRANXEIRO, REQUIRIRASE ACREDITA-LO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA ESPECÍFICA DA SÚA CONDICIÓN.
- DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER, SE SE ACTÚA EN NOME DA PERSOA XURÍDICA.
- ACTA DE CONSTITUCIÓN E ESTATUTOS POLOS QUE SE REXA A PERSOA XURÍDICA, DE SE-LO CASO.
- CERTIFICACIÓN DA ALTA DO SOLICITANTE NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, CON INDICACIÓN DO EPÍGRAFE FISCAL, ASÍ COMO XUSTIFICANTE DE ESTAR Ó DÍA NO PAGAMENTO DE TAL IMPOSTO.
- CERTIFICACIÓN DA ALTA DO SOLICITANTE NO RÉXIME CORRESPONDENTE DA SEGURIDADE SOCIAL.
- XUSTIFICANTE DO PAGAMENTO DAS TAXAS AUTONÓMICAS CORRESPONDENTES A ESTA INSCRICIÓN.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.*

*Decreto 171/2002, do 25 de abril, polo que se modifica o decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.*

*Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.*

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200

*Director xeral de Comercio e Consumo*

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /